

C. Hermida Gulías (2008): “Un novo dicionario. A contribución de Aguirre del Río á lexicografía galega do século XIX”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira (eds.): *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 123-137.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

UN NOVO DICIONARIO. A CONTRIBUCIÓN DE AGUIRRE DEL RÍO Á LEXICOGRAFÍA GALEGA DO SÉCULO XIX

Carme Hermida Gulías

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

Unha amable coincidencia con don Eduardo Pardo de Guevara Valdés, director do Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento, e o seu interese por coñecer o valor dun manuscrito custodiado na sede da súa institución levoume a examinar o hológrafo para intentar coñece-la súa valía. A xusta homenaxe a Antón Santamarina, que inviste moita da súa dedicación investigadora á recuperación da nosa lexicografía histórica, preséntase como unha magnífica ocasión para difundir as características deste achado.

O manuscrito

A obra en cuestión consta de 137 follas cosidas, 274 páxinas, mais unha folla solta enteira e a metade doutra. A maior parte das follas son pregos de papel timbrado que en círculo inclúe un escudo de España rodeado pola seguinte lenda: *ISABEL 2ª P. L. C. D. D. V. L. C. REINA DE LAS ESPAÑAS. OFICIO. AÑO 1858*. Nas beiras do escudo aparece o prezo: *4 M*. Algunhas follas –as menos– son dun papel máis fino que non está timbrado. Tódalas follas teñen unha marxe dereita e outra esquerda feita a lapis de entre 1,5 e 3 cm de ancho.

Ó manuscrito fáltanlle as follas iniciais e as finais. A primeira folla conservada contén o inicio dun dicionario bilingüe galego castelán, pois comeza cunha letra *A* en maiúscula e continúa coa presentación de entradas, que ten como primeira palabra a

forma **Aldroga**, *empolla*, seguida de **A**, *primera letra del alfabeto*. A última folla cosida do volume contén palabras da letra **Z**, a última das cales é **Zampalloar** = *∅* = *Andar de aquí para alla, tambaleando*. No interior do manuscrito apareceu unha folla solta e un anaco doutra. Esta última, que debeu corresponder á portada, contén unha poesía (*¿Porque choras, miña nena, / sen carmar ó teu dolor: / Non ves que che mata a pena, / Non ves que sufrindo sena (¿?) / suicia eres dá tua fror?*), un ano (1858), un lugar (*Santiago*) e un mes (*Junio*). Neste anaco de folla vese tamén unha multiplicación, unha palabra ilexible e dous cruños iguais colocados á inversa do poema e dos outros datos nos que se le **ALBA CATOLICA. MADRID**. A folla solta, deteriorada e rota, contén palabras da letra **Z**. Comeza nunha cara coa palabra **zamurdo** = *Malicioso* e remata ó final da cara seguinte con **zaramallexar** = *∅* = *Tartamudear. Confundir, embrollar, rebolber*, palabra que está fóra da súa ordenación común pois antes están definidas *zugar, zuricho*, etc.

O texto está escrito a pluma con letra variable: unhas veces bastante regular e preta e outras máis estirada e irregular. Existen tamén algunhas entradas a lapis que parecen proceder dunha etapa posterior á primeira redacción do texto¹. Tampouco as entradas a pluma se realizaron todas ó mesmo tempo: algunhas foron engadidas con posterioridade á redacción do manuscrito. A súa posición –no inicio ou no final da relación de palabras dunha letra, no inicio da páxina, entre dúas entradas ou no medio dunha definición– así o confirma². De calquera xeito, estes amecementos posteriores corresponden, como demostra a letra, ó primeiro redactor.

Aínda que a letra do conxunto do texto demostra que houbo un único redactor, nas primeiras follas parece que houbo outro ou outra amanuense pois nos folios en que se conteñen as entradas correspondentes ó **a** aprézase a escrita de dúas persoas distintas. Son un total de dúas páxinas e media –a 7, a 10 e a 2ª cara da folla 16–, de *alento* a *amarralla*, da definición de *aniñador* a *anubear* e de *astrucia* a *atreu* as que presentan unha caligrafía diferente á do conxunto.

En xeral o manuscrito está nun bo estado de conservación, non sendo que nalgúns casos no pé do folio a tinta se esvaeu tanto que hoxe é imposible reconstruí-las palabras que aí aparecen. Iso acontece, por exemplo, ó final da primeira páxina, en que se pode observar que despois de **Abaixo** existe outra entrada coa súa correspondente definición que resulta totalmente ilexible. Nas follas correspondentes ás letras **L** e **M** hai algunhas moi deterioradas, rotas e probablemente queimadas. Este deterioramento xa se debeu producir no tempo do autor, porque nalgún caso as entradas afectadas aparecen escritas inmediatamente despois da parte rota.

1 *Debandoira, emburullar, empuxable, encarpullar, encapullado, encarpullada, esconsolo, esmeudar, esmiudar, esmiuzado, esmoleiro...* son exemplos de palabras engadidas a lapis.

2 *Donoseira, donga, dórna, enciño, escanar, escanada, escaxar, escaxo, gorseira, lembro, lindar, lumiante...* son exemplos de palabras engadidas a pluma.

O autor

O anaco conservado da primeira folla do manuscrito non contén nin o título nin o nome do autor da obra, pero os diferentes datos presentes nela e outras informacións recompiladas na época achégannos a unha posible e certa identificación.

No número XI, correspondente ó 22 de febreiro do ano 1863, do xornal *La Nueva Galicia* aparece a publicidade dun *Diccionario del Dialecto Gallega* da autoría de Luís Aguirre y del Río que se publicaría en “40 entregas en cuarto mayor de 16 páxinas cada una”³. Indicábase ademais que a obra era “fruto de mas de seis años de casi contínuos trabajos, es merecedora por muchas y muy poderosas razones de ver la luz pública con aceptación y beneplácito xeneral”.

Segundo a información do xornal, o dicionario anunciado sería editado pola empresa *El Alba Católica* de Madrid. Esta indicación conecta claramente a noticia co manuscrito, pois na parte conservada da primeira folla deste aparecen varios cruños desta empresa. É posible concluír, pois, que o manuscrito conservado no Instituto Padre Sarmiento é o correspondente ó *Diccionario del Dialecto Gallego* de Luis de Aguirre del Río. A información de que a obra é produto de máis de seis anos de continuos traballos concorda con esta identificación: o manuscrito está datado no 1858 e o anuncio da publicación é do 1863.

Luís Aguirre del Río⁴ naceu en Lestrove –Dodro o 3 de febreiro do 1842, fillo de María de la Soledad del Río Manselle e de Francisco Aguirre Teijeiro, avogado. A súa etapa escolar desenvolveuse en Rianxo, residencia dos seus avós paternos, ata o ano 1853, momento en que é trasladado a Santiago para iniciar os estudos secundarios. No ano 1860 gradúase como Bacharel en Artes e matricúlase en Filosofía e en Dereito. Entre xuño do 1862 e outubro do 1863 establece a súa residencia en Madrid, onde contou coa protección de Nicomedes Pastor Díaz. Morreu o 1 de febreiro do 1866 en Santiago de Compostela.

A principal contribución coñecida de Aguirre ó mundo cultural e intelectual da época foi a creación de poesías e de zarzuelas, principalmente en publicacións periódicas, todas elas en castelán. As persoas que se ocuparon da súa figura salientan que foi autor dun dicionario nunca publicado e considerado perdido polos estudosos. Ese dicionario en manuscrito é o conservado no Sarmiento.

3 O texto debe ser unha reprodución do prospecto editado para publicita-lo dicionario. Entre os papeis de Aguirre conservados hai catro versións –incompletas– dun manuscrito do citado prospecto, pero este como tal non apareceu.

4 Os datos achegados fóronnos proporcionados por D. Justo Cortizo que ten no seu poder moita documentación da familia Aguirre e está a preparar a edición da obra poética completa do autor do dicionario.

Os primeiros dicionarios do galego no XIX

No ano en que Aguirre datou o manuscrito do seu vocabulario –1858– non existía publicado ningún dicionario da lingua galega. Nesa mesma data Xoán Manuel Pintos acompañou a segunda edición de *A gaita gallega* dun *Breve diccionario gallego, escrito por el tamborilero para facilitar la inteligencia de la Gaita gallega tocada por el gaitero*, publicado en Pontevedra na imprenta de D. José e D. Primitivo Vilas. Este traballo é un vocabulario de moi reducidas dimensións pensado para dar servizo ós lectores da *Gaita* e debeu se-lo xermolo do moito máis amplo *Vocabulario gallego-castellano*, datado finalmente no 1865⁵.

O primeiro dicionario –bilingüe– publicado foi o *Diccionario Gallego-Castellano* de Francisco Javier Rodríguez, editado por *Galicia. Revista Universal de este Reino* na Coruña (imprenta do Hospicio Provincial) no ano 1863. Esta obra póstuma –que foi preparada e moi ampliada por A. de la Iglesia⁶– comezárase a redactar, segundo reconece o seu autor no prólogo, no ano 1850. Posteriormente publicaríanse o de Cuveiro no 1876 e o de Valladares no 1884. En escritos da época existen referencias a outros vocabularios ou dicionarios (Hermida 1992:73), en concreto a unha gramática e a un dicionario que preparaba o noiés Ramón A. de la Braña, do que só se publicou a introdución, e o anuncio xa citado da publicación do dicionario de Aguirre.

Sexa como for, a produción lexicográfica galega no século XIX, ademais de iniciática e serodia, é escasa e de pouca calidade (Freixeiro / Sánchez / Sanmartín 2005:124-132).

Os dicionarios de Aguirre e Rodríguez. Semellanzas e diferenzas

Tomando como válida a data de 1858 que aparece no anaco conservado da portada, cómpre afirmar que o manuscrito de Aguirre custodiado no Sarmiento corresponde ó primeiro dicionario galego confeccionado no século XIX por unha persoa do Rexurdimento. Para poder valorar convenientemente a contribución que esta obra supón para a lexicografía galega cómpre, antes de nada, realizar unha comparación entre esta obra e o dicionario de Rodríguez, co que comparte espazo temporal⁷.

5 Este texto quedou manuscrito e foi publicado por Neira / Riveiro no 2000 (Pintos 2000).

6 Tanto Pensado (1976:5 e ss.) como Santamarina (2000:35-37) coinciden en salientar que a contribución de De la Iglesia foi tanta ou máis cá do propio Rodríguez e que por esa razón sería merecente de aparecer como coautor.

7 Co fin de axustar esta achega ó espazo que lle foi concedido e para facilita-la súa lectura, os exemplos están circunscritos á letra V das dúas obras, que se presentan confrontadas no anexo final. O vocabulario de Rodríguez consultouse na edición realizada por Antón Santamarina no *Diccionario de dicionarios* (Santamarina 2000), da que tamén se recolleu o texto incluído no anexo.

- No dicionario de Aguirre aparece un maior número de entradas que no de Rodríguez. Na letra V Aguirre insire 97 lemas diferentes⁸, mentres Rodríguez recolle 84. O número de coincidencias é de 78. Son palabras recollidas exclusivamente por Aguirre *valado, valor, valorecer, valorento, vansial, vasifragiar, verga, vergoñeiro, vieldro, vigarradura, vigarrar, vilarelle, vilarelle, villarejo, villarelo, vincallo, vinga, virgoiro, voluntá*. Son termos propios de Rodríguez *valo, varolento, verbo (en verbo de), viciño, villa, votoacríbas, votoabriós*⁹.
- Fronte a Rodríguez, que non inclúe nunca a categoría gramatical (cf. anexo), no manuscrito de Aguirre o común é a súa identificación (cf. anexo s.v. *vagaña, val, valgada, valor, viorto...*) aínda que esta pode estar ausente (cf. anexo s.v. *vespa, vezo, vieiro...*) ou errada (*usmear*, por exemplo, é presentado como nome).
- As definicións son máis enciclopédicas na obra de Rodríguez e moito máis simples na de Aguirre, como se pode comprobar no anexo final nas entradas *vasifragio, veiga, veldro, ververecho, vespa...*
- A separación das acepcións está máis clara na obra de Rodríguez (cf. *vello, viorto...*), que as marca con números dentro do mesmo artigo. No caso de Aguirre áchanse varias posibilidades que van dende a aparición de entradas diferentes (cf. *veldro, vello, vila*), a separación por puntos (cf. *vincallo*), por comas (cf. *viorto*) ou a utilización doutros procedementos (por exemplo un guión na entrada *ventrecha*).
- Aguirre inclúe, en xeral, máis acepcións dunha mesma palabra ca Rodríguez, como se pode ver en *veldro* ou *ventrecha*.
- As referencias ás autoridades quedan reducidas en Aguirre a Sarmiento –ó que se acode como autoridade en nove palabras–, Cornide, que avala catro, o *Fuero Juzgo* –citado dúas veces–, Cervantes –unha referencia–, o cronista da Casa de Losada e os contemporáneos Xoán Manuel Pintos, Añón e Rey de Castro, estes dous últimos nomeados en palabras incluídas nas follas soltas das que se falará máis adiante. As autoridades citadas moi amiúdo por Rodríguez son Sarmiento, Cornide, Seguíno, Cervantes, *Fuero Juzgo*, doc. ant., etc.¹⁰...

8 En moitos casos Aguirre marca as diferentes acepcións dunha mesma entrada repetíndoa (cf. anexo s.v. *veldro*). Para o cómputo final estes artigos son considerados só como unha entrada.

9 Non contamos nesas diferenzas as formas *vardasquiña, verdello* e *volante* de Rodríguez, que equivalen ás *verdasquiña, verdallo* e *voante* de Aguirre.

10 Neste punto a diferenza fundamental entre os dous dicionarios está máis no número de veces que se citan as autoridades que na súa entidade. Rodríguez, que fai un uso sistemático dos seus nomes, cita só no V 34 veces a Sarmiento; Aguirre, en todo o manuscrito, faino nove veces.

- Verbo das outras linguas latinas empregadas como comparación, Aguirre cínxese, case exclusivamente, a sinalar a identidade entre a forma galega e a portuguesa, mentres que Rodríguez fai, ademais, referencias ó catalán, ó asturiano, ó francés, ó italiano, etc. No caso do portugués a identidade non foi ben contrastada por ningún dos dous autores, como se demostra, por exemplo, ó dar como portuguesa a forma *voluntá*¹¹.
- Mentres que no dicionario de Rodríguez hai moita información de étimos para as palabras seleccionadas –unhas veces só coa indicación de identidade como en *valo*, outras coa presentación da palabra latina, como en *veciño*, *vedraño*, *vella*– no manuscrito de Aguirre apenas hai propostas¹².
- Aínda que non é sistemático, ó longo do manuscrito de Aguirre poden atoparse algúns exemplos que permiten observa-lo uso das palabras definidas (cf. *viravolta*)¹³. Este procedemento non é común en Rodríguez.

Aguirre intentou, como xa se puido ver anteriormente, edita-lo seu manuscrito no ano 1863. A coincidencia desta data coa da publicación do vocabulario de Rodríguez debeu se-la causa principal de que o proxecto do dodrés non chegase a bo fin. Outras tres circunstancias deberon contribuír ó fracaso:

- a) O propio sistema de publicación. A edición por entregas non debeu animar moito ós posibles subscritores que, dado que xa existía un vocabulario recollido en libro, deberon evita-lo esforzo que esixe o traballo de coleccionista.
- b) O lugar de publicación. Entre comprometerse a coleccionar fascículos que chegaban de Madrid e mercar un texto completo producido en Galicia, as persoas interesadas deberon optar amplamente por esta solución.
- c) A semellanza existente entre os dous traballos publicados. A sensación de identidade entre as dúas obras é manifesta, como se pode comprobar nas dúas letras presentadas no anexo, e non desaparece nin contando con que Aguirre inclúe un maior número de entradas ou atina máis á hora de indicalas acepcións.

11 A ortografía do portugués tampouco é tida especialmente en conta polos autores, pois os dous, na entrada *vella*, sinalan a identidade sen ningunha outra indicación e Rodríguez mesmo afirma que a forma portuguesa é *visiño* (*sic*).

12 Están practicamente reducidas a *alleo*, *almorzo*, *alforxa*, *andavía*, *baldreu* e *liorna*.

13 Ó longo do manuscrito outros exemplos aparecen en palabras como *aquelar*, *amiudador*, *amoado*, *arrendar*, *bentar*...

As follas soltas

Con posterioridade ó coñecemento da existencia do manuscrito e ó seu primeiro exame, soubemos que o coleccionista padronés Justo Cortizo recuperara moita documentación da familia Aguirre, orixinaria de Dodro. Entre ela apareceu a obra poética de Luís Aguirre del Río, correspondencia súa e un conxunto de follas soltas do que parecía ser un proxecto de dicionario¹⁴.

O contraste entre as follas soltas, que con seguridade eran da autoría de Aguirre, e o manuscrito atopado no Instituto Padre Sarmiento revela unha identidade total no tipo de letra e na concepción do artigo lexicográfico. Deste xeito queda eliminada calquera dúbida que puidese existir sobre a atribución do manuscrito ó autor de *Les-trove e, asemade, faise patente que o interese de Aguirre pola lexicografía non se limitou á elaboración do manuscrito, senón que continuou a realizar labores de recollida para acrecentalo e melloralo.*

O que denominamos follas soltas son en realidade un conxunto de papeis de carácter moi heteroxéneo que teñen en común recoller palabras co seu significado. Entre eles atopamos follas de xornal, folios timbrados, cadernos, formularios, etc. Nalgúns casos o papel inclúe tres ou catro palabras –algunhas veces mesmo sen definir–; noutros, o folio está escrito en toda a súa extensión, con boa letra e cunha presentación do artigo lexicográfico semellante á do manuscrito.

Ó realizar unha superposición das follas soltas co manuscrito obsérvase que, aínda existindo entradas repetidas, co léxico das primeiras se incrementa notablemente o caudal do segundo¹⁵. O conxunto tería un total de 7 426 palabras, cantidade que supera en moito a do dicionario de Rodríguez, con 3 859 (Santamarina 2000:35).

O dicionario de Aguirre tal e como o presentou ó prelo non resistiu a comparación social co de Rodríguez e quedou nun proxecto fanado. De seguro que a súa publicación con tódalas palabras que deixou recollidas nas follas soltas tería máis fortuna.

Bibliografía citada

FREIXEIRO, X. R. / SÁNCHEZ, X. M. / SANMARTÍN, G. (2005): *A lingua literaria galega no século XIX*. A Coruña: Universidade.

14 Todo este material puido ser consultado pola autora mercé á xenerosidade do Sr. Cortizo a quen, ademais, lle teño que agradecer que me proporcionase unha copia dixital dela.

15 No anexo as palabras contidas nas follas soltas aparecen en cursiva.

- HERMIDA, C. (1992): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*. Vigo: Xerais.
- MURGUÍA, M. M. (1999): *Diccionario de escritores gallegos*. Santiago: Xunta de Galicia. Edición facsimilar da realizada por Compañel en Vigo no ano 1862.
- PENSADO, J. L. (1976): *Contribución a la crítica de la lexicografía gallega. I. El Diccionario Gallego-Castellano de F. J. Rodríguez y su repercusión en la lexicografía gallega*. Salamanca: Universidad.
- PINTOS, J. M. (2000): *Vocabulario gallego-castellano*. Edición de Marga Neira e Xesús Riveiro. Anexo 5 de *Cadernos de Lingua*. A Coruña: Real Academia Galega.
- PINTOS, J. M. (2002): *A gaita gallega*. Edición de Carme Hermida. Vigo: Xerais.
- SANTAMARINA, A. (ed.) (2000): *Diccionario de diccionarios*. Versión 1. Biblioteca Filolóxica Instituto da Lingua Galega. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.

ANEXO

RODRÍGUEZ, 1863	AGUIRRE, 1858 e follas soltas
	<i>Vaga</i> = Semilla del laurel.
Vagaña. V. bagaña.	Vagaña = n ^e = Las pepitas y piel de las ubas despues que ya estas fueron prensadas en el lagar.
Vagageiro Vagaroso, tardo, perezoso, etc. Sarm.	Vagaxeiro = Tardo, pesado, perezoso, vagaroso.
	<i>Vagrea</i> = Primer destello del sol.
Val Valle, llanura, aun cuando no sea fértil ó prescindiendo de que sea fértil ó no lo sea, por que en Astúrias hay un lugar con el nombre de Valmorto, que supongo equivaldrá á llanura estéril, muerta. En franc. y en Navarra id. En Galicia y Astúrias y otras provincias hay muchos lugares y parroquias del mismo nombre.	Val = n ^e = Valle, llanura, sea o no sea fertil.
	Valado = Vallado, muralla de mamposteria sin calear.
	<i>Valdroa</i> = Puta mala.
Vale V. val Con este nombre hay varios lugares y parroquias en Galicia y Astúrias. Aunque en ast. port. ital. y lat. se escribe con dos ll, solo se pronuncia como si fuera sencilla ó una sola.	Vale = n ^e = Val (V.).
Valera V. eitos.	Valera = n ^e = Eitos (V.). [A remisión non aparece como entrada].
Valgada Debe ser tierra costanera. Sarm.	Valgada = n ^e = Tierra montuosa y costanera.
	<i>Valiosa</i> = adj. f ^o = Lo que tiene merito y valor; honrroso: valiosa cal a tomba dos ricos homes. <i>Valioso</i> = adj. m ^o = Lo que tiene gran valor; honrroso.
Valo Vallado, pared ó cerca de piedra con que se cercan y defienden las heredades. En port. y lat. id.	
	<i>Valoira</i> = n ^e f ^o = Vara larga que se hace uso para quitar la fruta de los arboles. Tambien se usa para correr y coger las liebres en tiempo de niebla.
	Valor = n ^e = Pudredumbre, moho.
	Valorecer = Podrirse
	Valorento -a = Podrido, mohoso.
	<i>Valouzo</i> = <i>Randiera</i> (V.). (Mal antes). [Esta última anotación fai referencia á palabra inmediatamente anterior, pirnigata, que remite a randieira. Calquera das dúas remisións é incorrecta, pois a única entrada que aparece no manuscrito é randeieira].
Van Talle, aire, disposicion del cuerpo.	Van = n ^e = Disposicion de cuerpo.
	<i>Van</i> = Cintura.
	<i>Vanadantar</i> = Vagabundar.
	<i>Vanadantaxe</i> = Vagamunderia.
	<i>Vanadante</i> = Vagabundo.

Vandeira Vandera, ó bandera, insignia militar. Sarm. y port. id., ital. bandiera. V. en la b.	Vandeira = n ^e = Vandera. Port. id.
Vanga Capullo ó cajita de la semilla del lino ó linaza. Es posible venga su nombre de la letra W, doble ó vanga, por que, despues que estas cajitas se abren para soltar la semilla, figuran en la abertura, una serie de W, vanga que significa escardillo, sachó ó instrumento para arañar la tierra. Sarm.	Vanga = n ^e = El coco en donde esta metida la semilla del lino.
	Vansial = n ^e = Dispuesto, airoso, esbelto.
Vante Despues.	Vante = adv. de modo = Despues.
Vaqueiro Vaquero, pastor de vacas. Cerv. y port. id.	Vaqueiro = n ^e = Vaquero, pastor de bacas. Port. id.
Vardasquiña A ordenación alfabética pode delatar un erro tipográfico por ‘verdasquiña’ Lo mismo que verdasca. V. Sarm.	
Varolento Mohoso, putrefaccion, corrupcion de las cosas, lo que presenta esa barba ó lanuza blanca y fina, como se vé comunmente en el pan añejo. Sarm. id., franc. velu, lat. villosus. Da definición despréndese que pode haber un erro pois nela están mesturadas as equivalencias do adxectivo ‘valorento’ e dun substantivo que podería ser ‘varolo’.	
	Varutar = <i>Pasar por el tamiz.</i>
	Varuto = <i>Tamiz.</i>
	Vasifragiar [no orixinal aparece <i>vansifragiar</i> alfabetizado despois de <i>vasifragio</i>] = v ^o = Jugar los pucheros.
Vasifragio Juego de las ollas y pucheros por la pascua de Resurreccion, en que lo lucen las mozas en los sitios más públicos, tirándolos unas á otras colocadas á cierta distancia formando cuadro si son cuatro, y dando unas risotadas cuando se les caen y rompen como si fuera cosa de grande mérito. Este juego de rompe cacharros viejos, alude á los escanciadores que rompian las botellas ó vasijas, despues que escanciaban ó echaban vino á los convidados y se emborrachaban, y bailaban la danza de la botella que siempre sería mal para ella. Sarm.	Vasifragio = El juego de ollas y pucheros que hacen las mozas por pascuas.
	Vea = <i>Vena.</i>
	Veboreira = <i>Planta que dá el coombro.</i>
	Veceira = <i>Id.</i> [A identidade refírese ó significado de veceiro]. Veceiro = <i>Avezado.</i>
Veciño Vecino, rayano, cercano. Sarm. y Doc. ant. id. port. visiño, ital. vicino ó vichino, lat. vicino.	Veciño = n ^e = Vecino, cercano, rayano.
Vedraño Hombre viejo ó anciano. Sarmiento. Viene de vetera.	Vedraño = n ^e = Hombre biejo, anciano.
Vedrayo V. vedraño Sarm.	Vedrayo = n ^e = Vedraño (V.).

<p>Veiga 1. Vega, llanura en sitio baixo y regularmente fértil. Unos dicen que esta voz viene de vigo, fuerza ó fertilidad, y otros que viene de vagare ó vagari, pasearse, divertirse, paseando, bailando, ruando, v. etc.; es decir, campo en donde se asparce el ánimo viendo su fertilidad y hermosura, y en donde se reunen las gentes para divertirse y desentenderse de todo otro negocio los dias de fiesta, etc., y en este caso que equivale á egido ó engido v. campo contiguo á una casa, iglesia, lugar, etc. para el desahogo de la gente. Sarm. 2. Nombre de muchos lugares y parroquias en toda Galicia y algunas en Astúrias. Tambien hay apellidos en familias.</p>	<p>Veiga = n^e = Vega, llanura.</p>
<p>Veldro Bledo, hortaliza blanca y roja que para nada sirve, cuando más para adorno y para los cerdos. Su semilla es parecida al mijo menudo. Se toma por frase de lo que nada vale, nada importa, diciendo no se me da un bledo Lat. blito y griego bliton. Sarm. V. en la b.</p>	<p>Veitiron = <i>Armadilla de pesca.</i> Veldro (1) = n^e = Hortaliza, bledo. Veldro (2) = n^e = Prostituta sucia.</p>
<p>Velida Nubecilla en los ojos.</p>	<p>Velida = n^e = Nubecilla que se pone en los ojos. <i>Velida</i> = <i>Nublado del ojo.</i></p>
<p>Vella Vieja. Sarm., port. y catal. id., lat. vetula, ast. vieia.</p>	<p>Vella = n^e = Bieja. Port. id.</p>
<p>Vellez Vejez, última edad de la vida.</p>	<p>Vellez = Vejez, la última edad de la vida.</p>
<p>Vello 1. Viejo, él ó lo que tiene á proporcion mucha edad. Port. y Sarm. id., franc. vieil ó vielli, ital. vecchio, latin vetulo, Seg., catal. vell. 2. Pescado de poca substancia que se parece al budion ó pinto. Corn.</p>	<p>Vello (1) = Viejo, el o lo que tiene mucha edad. Port. id. Vello (2) = n^e = Budion, pez.</p>
<p>Vencello Vencejo ó lazo con que se atan los manojos de mies. Port. id., lat. vinculo, ital. vinciglio ó vincillo.</p>	<p>Vencello = n^e = Venzejo o lazo con que se atan los acecillos de mies. Port. id.</p>
<p>Ventar Presagiar, sospechar, congeturar, preveer etc. Port. id.</p>	<p>Ventar = Sospechar, presagiar, prebeher. Port. id.</p>
<p>Vento Viento, aire movido ó en movimiento. Sarm., port., ital. y lat. id., franc. y catal. vent.</p>	<p>Vento = Viento, aire puesto en movimiento. Port. id.</p>
<p>Ventre Vientre. Port., id. franc., ital., latin y catal. id.</p>	<p>Ventre = n^e = Bientre.</p>
<p>Ventrecha Braga ó entrepiernas de los animales.</p>	<p>Ventrecha = n^e = Braga o entrepierna de los animales. [Hai un engadido ilexible] –Las partes genitales o pudendas de la muger.</p>
<p>Verba Verboisidad, labia.</p>	<p>Verba = Verboisidad, charla, afluencia, [palabra ilexible].</p>
<p>Verbo En verbo d'eso Es lo mismo que con respecto á eso, tocante á eso, etc.</p>	<p><i>Ventraxe</i> = <i>Bentregada.</i></p>

Verdá Verdad. Cerv. Cuando la final está acentuada, indica á mi modo de ver, que falta una letra como aquí y en la voz ital. veritá, en lugar de veritate.	Verdá = Verdad.
Verdade Verdad, conformidad de lo que se dice ó profiere, con la conciencia ó interior del que habla, aunque por olvido ó ignorancia resulte otra cosa.	Verdade = Verdad, conformidad de lo que se dice o profiere con la conciencia del que habla, aunque, por olvido o inorancia resulte lo contrario.
	Verdallo = n ^e = Argazo (V.).
Verdasca Vardasca, vara delgada, flexible. En Aragon id., ital. verga. En asturiano verdascu.	Verdasca = n ^e = Vara delgada y flexible.
	Verdasquiña = n ^e = Verdasca (V.).
Verdello V. argazo Sarm.	
Verea Vereda, camino.	Verea = n ^e = Bereda, camino, senda.
	Verga = n ^e = Vara delgada y flexible. El miembro biril.
Vergallo Vergajo. Port. id.	Vergallo = n ^e = Vergajo. Port. id.
Vergonza Vergüenza. Fuero juzgo id.	Vergonza = n ^e = Vergüenza.
Vergoña Vergüenza. Port. é ital. id.	Vergoña = Vergüenza. Port. id.
	Vergoñeiro = Bergonzoso.
Verme Gusano V. en la letra b.	Verme = n ^e = Gusano.
Vermello Encarnado, rubio, rojo, etc. Sarm. y port. id. Bermejo.	Vermello = Encarnado, rubio, rojo. Port. id.
Vertonia Betónica, planta cefálica ó buena para la cabeza.	Vertonia = n ^e = Betónica, planta cefalica o buena para la cabeza.
	Vértulo = n ^e m ^e = <i>Practica, costumbre, conocimiento, pericia en cualquier cosa (Rey de Castro).</i>
Ververecho Marisco bivalvo ó de dos conchas, del tamaño de una castaña poco más, que se come crudo como las ostras y en tortilla. Corn.	Ververecho = n ^e = Marisco vibalbo del tamaño de una castaña.
Vesgo Vizco, el que mira torcido. Sarm. y port. id.	Vesgo = n ^e = El que mira torcido. Port. id.
Vespa Avispa, cuya picadura es muy incómoda, pero que sana pronto si se unta la picadura con el trasudor ó sudor de las partes naturales; lo que cura hasta la picadura del alacrán. En port., ital. y lat. id. En ast. abrespa.	Vespa = Abispa. Port. Id.
	Vespera = <i>Víspera.</i>
Véspora V. vespa.	Véspora = n ^e = Vespa (V.).
	Véspora = <i>Avespa.</i>
	Veto = <i>Viejo.</i>
	Vevora = <i>Coombro.</i>
Vezo Costumbre, hábito ó gana de repetir una acción, por el buen recuerdo ó el mismo recuerdo. En port. id.	Vezo = Costumbre, hábito. Port. id.
Viciño V. veciño.	
	Vianda = <i>Hierbas cocidas en los calderos para los cerdos.</i>
	Vidal = <i>Vital.</i>

	Vidra = <i>Sarmiento</i> .
Vidro Vidrio. Sarm. y port. id. ital., vetro, en lat. vitro, mudando solo la t, en d.	Vidro = n° = Bidrdrio [<i>sic</i>]. Port. id.
	Vidueiro = <i>Abedul</i> .
Vieira Marisco de color encarnado entre dos conchas istriadas*, redondas y con sus orejas. El nombre no le viene de Vénus, de via, ni de vieiro v. sinó del latin venerea, ó venera de la cruz de conchas, de esta especie, de la espada de Santiago y del dibujo del medallon de las armas del Apóstol. Sarm. y Corn. *Sic.	Vieira = n° = Marisco de color encarnado entre dos conchas redondas con orejuelas.
Vieiro Camino, senda, Sarm. id., ital. y lat. via.	Vieiro = Camino, senda.
	Vieldro = n° = Prostituta sucia.
Vieyo Viejo. En ast. vieyu.	Vieyo = Viejo.
	Vifoxo = <i>Segundo foso</i> .
Vigariños Caracolillos de mar. En ast. idem.	Vigariños = Caracolillos de mar.
Vigaro Bocina de caracol de mar. En ast. id.	Vigaro = n° = Bocina de caracol de mar.
Vigarrado Rayado ó listado como la cebra, una tela de listas no iguales en el grueso en todas sus partes. En catal. bigarradura.	Vigarrado -a = Rayado, listado.
	Vigarradura = Rayadura, listadura.
	Vigarrar = v° = Rayar, listar.
Vila 1. Casa de campo, quinta, granja, cortijo, etc. En ital. y lat. villa, pero se pronuncia vila. De estas vilas son las que entran á docenas en los foros antiguos, pues no era posible que ningun aforante tuviese tantas como hoy se entienden. 2. Villa, lugar bastante poblado con sus calles, privilegios, exenciones, etc. que acaso tuvo principio en la vila, caserío, llevando el nombre mismo ú otro que despues se le aplicó por alguna circunstancia notable. Sarm. Seg., ital., port., lat., ast. y catal. id. De la villa, granja, se tomaron algunas aldeas que aun hoy llevan el mismo nombre, y en otras hay tres diferentes voces alusivas á lo mismo, como, Cabo-de-vila, Cima-de-vila y Fondo-de-vila; la primera quiere decir lo último del lugar que lleva el nombre de vila: la segunda, lo que está en la parte más elevada del mismo lugar, y la tercera, lo que se halla en la parte más baja.	Vila (1) = n° = Casa de campo, quinta, granja, cortijo. Vila (2) = n° = Villa, ciudad.
Vilar Casa de campo y tambien aldea, á mi modo de ver, del mismo origen que vila. V. 1.	Vilar = Casa de campo, aldea.
	Vilarelle = n° = Villar (V.).
	Vilariño = Diminutibo de <i>vilar</i> . Lugar pequeno, casa de quinta pequena.
Villa Lo mismo que vila.	

Villar 1. Lo mismo que vilar con una sola l, por que las dos que vienen del latin, se pronuncian, casi siempre, como una sola como queda dicho. 2. Apellido de familias y de muchas aldeas, no villas, en Galicia, Astúrias, Leon y de alguna ora provincia de España. Siendo villar, casa de campo, ó aldea, se me ofrece que esta ciudad de Santiago debió tener principio en la calle que llaman a Rua do Vilar, que nada mas dice que calle del lugar, que tal cual fuese no tenia sinó una calle, que naturalmente se fundaria en el lugar, lo más cerca posible del sepulcro del Apóstol Santiago, siendo, además conforme con la opinion de los que dicen que se halló en la capillita de la calle del Franco, ó aun cuando se hallase en donde hoy esta la catedral, á donde tambien se pudo trasladar desde aquella. Hay, además, la calle da Rayña, que es lo mismo que calle en donde hospedaban Reinas ó personas reales. Del nombre vilar ó villar, viene el de Vilariño y Villariño, que quisieron decir en su origen lugarcito, lugar pequeño ó reducido. Lo mismo supongo de la voz Villarejo, Villarello que levan varios lugares de Galicia y Astúrias.	Villar = n ^e = Vilar (V.).
Villarda Juego de la tala V. estornela y lipe En port. y Sarm. id.	Villarda = n ^e = Tala. Port. id.
Villardo Manojó, hacecito de leña que vienen á vender.	Villardo = n ^e = Manojó.
	Villarejo = n ^e = Villar (V.).
	Villarello = n ^e = Villar (V.).
	<i>Villote</i> = n ^e = <i>Az pequeno de tojo.</i>
Vilordo Vilorta, juego que consiste en tirar al aire una bola impeliéndola con un palo como se hace con la tala ó estornela. V. Sarm.	Vilordo = n ^e = Juego que consiste en tirar al aire una vola impeliendola con un palo como se hace con la tala.
Vilorte V. vilordo Sarm.	Vilorte = n ^e = Vilordo (V.).
	Vincallo = n ^e m ^o = Mimbres. El que tiene los pies torcidos y delgados. [Aparece nun anaco de papel cortado incluído dentro do manuscrito].
Vincha Vejiga, ampolla.	Vincha = n ^e = Vegiga, ampolla.
	Vinga = n ^e = Venganza.
Vingarse Vengarse. Port. y Fuero Juzgo, id.	Vingar = v ^e = Vengar. Port. id. Vingarse = Vengarse. Port. id.
Vingulete Taladro ó barena para echar clavazon. Sarm.	Vingulete = n ^e = Taladro, barreno para echar clavazon.
Vinguletiño Diminutivo de vingulete V. Sarm. franc. vilebrequin.	Vinguletiño = n ^e = Taladro, barreno.
Vinte Veinte. Fuero Juzgo y port. id.	Vinte = numeral = Veinte. Port. id.
Viño Vino. Seg., Sarm. y port. id.	Viño = n ^e = Viño. Port. id.

	<i>Viorna = Violin. [Aparece en dúas follas, nunha sen definición, noutra con ela].</i>
Vuerto 1. Especie de retama blanca que echa ramas como un arbusto, pero no sube tanto como la comun. 2. Rama verde y retorcida con que se atan los manojos ó haceditos de leña como los billardos v. ó paja como los mollos. V. y vencello Sarm.	Vuerto = n ^e = Retama, rama verde con que se atan los manojos de mies y de leña.
Vir Venir, llegar. Seguino, Sarm. y port. id. Cerv.	Vir = Venir, llegar. Port. id.
Viravolta Vuelta pronta, rápida. Port. idem.	Viravolta = n ^e = Vuelta pronta. <i>Eso faise nunha viravolta</i> , eso se hace en un momento.
	Virgoiro = Virgondoiro (V.).
Virgondoiro Almezo, árbol de la rabia. V. árbol de San Gregorio Sarm.	Virgondoiro = n ^e = Almezo.
Virollo V. Vesgo.	Virollo = n ^e = Vesgo (V.).
Visgo 1. V. vesgo Fuerzo Juzgo. 2. Liga, materia viscosa que se hace de una planta que llaman liga. En lat. é ital. visco.	Visgo (1) = n ^e = Vesgo (V). Visgo (2) = n ^e = Liga.
	<i>Vislume</i>
	<i>Vitela = Xubenca (V).</i>
Vizcoito Vizcocho. Con la letra b v. se puso en significacion de galleta.	Vizcoito = n ^e = Vizcocho. Pongase en la B sin sacarlo de aquí y significa galleta.
Voar Volar, andar muy ligero, etc. Sarm. y port. id.	Voar = v ^o = Volar, andar muy ligero. Port. id.
	Voante = n ^e = Rez para pescar.
	<i>Vocólica = Vucólica.</i>
	<i>Voilus = Luciérnaga, guasano que fosforece en las noches de verano.</i>
Volante Especie de red para pescar. Sarm. y Corn.	
	Volontá = n ^e = Voluntad.
Volta Vuelta, torno, giro, rodeo, etc. Sarm. Seg., port. y catal. id.	Volta = n ^e = Vuelta, rodeo, giro. Port. id.
	<i>Volta = n^e = Collar.</i>
Voltar Repetir la vuelta ó vueltas. Sarm., port. é ital. id., franc. volter, lat. volutare.	Voltar = v ^o = Repetir la volta.
Voluntá Voluntad, síncope de voluntate y por eso está cargada la a, final. Port. id., ital. voluntá, franc. volonté.	Voluntá = Voluntad. Port. id.
Voluntade Voluntad. En lat. voluntate.	Voluntade = Voluntad.
	<i>Vorba = n^e = Instrumento antiguo de los juglares.</i>
Votoacribas votoabriós Especie de juramento burlesco con que se afirma una cosa. En ast. id.	
Vusté Usted, título de cortesía. En ast. id., franc. vous.	Vusté = Usted.